

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A REAPERTURA AO USO DA PISTA DE ATLETISMO DO ESTADIO DE ELVIÑA

Este protocolo ten como obxectivo informar as persoas usuarias da pista de atletismo de Elviña das recomendación e normas para limitar ao máximo as posibilidades de infección por COVID-19, tomando en consideración os factores de risco coñecidos ata o momento.

É de obrigado cumprimento por parte dos/as deportistas que queiran facer uso das instalacións da pista de atletismo do Estadio de Elviña e será plenamente vinculante, sen prexuízo das normas que se publiquen por parte da autoridade competente durante o transcurso da pandemia.

En todo caso, o cumprimento deste protocolo corresponderá aos/ás deportistas cando adestreñen baixo a súa exclusiva responsabilidade.

1. REQUISITOS PREVIOS AO ACCESO Á PISTA

Os clubs de atletismo presentarán ao Concello da Coruña a solicitude de uso da instalación, coa listaxe de atletas con necesidades de adestramento específico en pista.

Antes de incorporarse ao uso da instalación, cada adestrador/a e deportista ten que coñecer e aceptar expresamente todas as pautas de uso da instalación. Para iso deberán ler e aceptar a declaración responsable (Anexo II), a través do seu perfil de usuario na aplicación **udcxest.udc.gal** (procedemento no Anexo I)

As persoas que deron positivo en Covid-19, aínda asintomáticas, no poderán iniciar a práctica deportiva na instalación.

Os usuarios autorizados que non teñan aínda a tarxeta de acceso á instalación, recollerana na conserxaría do Estadio de Elviña na primeira sesión de adestramento identificándose co seu DNI.

2. PERSOAS USUARIAS

Poderán utilizar as instalacións:

- Atletas federados dos clubs do concello da Coruña que xustifiquen ante os/as responsables da Concellaría de Deportes do Concello da Coruña a necesidade de adestramento en pista.
- Membros da comunidade universitaria con Abono Deporte vixente (logo de facer a reserva correspondente).

Unicamente poderá acceder cos deportistas un adestrador/a no caso de que resulte necesario, circunstancia que deberá acreditarse debidamente.

Poderase permitir un acompañante a aqueles/as deportistas con discapacidade.

3. HORARIOS, QUENDAS E CAPACIDADE:

- Días de uso: de luns a venres.
- Horario: de luns a venres, de 08:45 h a 20:45 h (horario reducido de verán a partir do 1 de xuño)
Agosto: de luns a venres, de 08:45 h a 14:45 h
- Quendas: estableceranse quendas de adestramento, que serán notificados ás persoas interesadas. Duración máxima de 2 horas e 15 minutos/quenda. 15 minutos de peche entre as quendas de uso.
- Capacidade: establécese unha capacidade máxima en pista de 25 usuarios (engadidos os/as adestradores/as)

4. OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

- Os/as atletas, adestradores/as e resto de persoal manterán as pautas estritas de aseo persoal, conduta e coidado para evitar contaxios.
- É requisito inicial aceptar a declaración responsable (anexo II), a través do seu perfil de usuario na aplicación udcxest.udc.gal (procedemento no Anexo I)
- As persoas que deron positivo en Covid-19, aínda asimptomáticas, no poderán iniciar a práctica deportiva.
- É obrigatorio o uso de máscaras, luvas, cintas ou panos para o pescozo, así como o uso de gafas, sempre que a actividade deportiva así o permita. Terase coidado de non tocar no posible aqueles obxectos ou equipamento de uso colectivo.
- Ante calquera síntoma ou en caso de sospeita de estar infectado/a, ou ter estado en contacto con persoas infectadas ou baixo sospeita de estalo, débese evitar calquera actividade e poñerse en contacto de forma inmediata cos servizos sanitarios para seguir todas as súas indicacións.
- Antes e despois dos adestramentos é moi importante lavar as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico. Recoméndase o uso das solucións hidroalcohólicas en botes de uso individual (tempo recomendado: 30-40 segundos) ou o lavado de mans con auga e xabón (tempo recomendado: 40-60 segundos).
- Levar xel hidroalcohólico e produtos de desinfección para a limpeza e desinfección do material propio de adestramento que sexa utilizado.
- Pasarán obrigatoriamente polos elementos de desinfección de calzado que se instalen.
- Os atletas responsabilizaranse individualmente de portar luvas, máscara, unha bolsa de desinfección con toalla, xel hidroalcohólico etc.
- Deberán desbotar as máscaras, luvas, papel etc. que se utilicen nas papeleiras pechadas que hai na entrada da pista.

- Recoméndase que os/as adestradores/as programen os adestramentos cumprindo todas as normas de distancias, capacidades e quendas de adestramento de maneira rigorosa.
- Respetaranse en todo momento os horarios e espazos de adestramentos asignados a cada atleta e por disciplinas.
- Insístese nunha hidratación máis frecuente mediante botellas de uso individual
- Prohíbese o uso de vestiarios nas fases actuais.
- Débese evitar que as mochilas, bolsas de zapatillas ou bolsas de deporte poidan estar en contacto con superficies non desinfectadas; se se producise este contacto, recoméndase lavalas na lavadora a un mínimo de 60º.
- Só se poderá deixar unha mochila básica nos espazos habilitados para ese efecto (bancos instalados na zona exterior prevía á pista).
- Os clubs que queiran utilizar o material propio almacenado habitualmente na instalación deberán retiralo dos almacéns logo de concertar cita. Os/as adestradores/as ou atletas deberán traer o material propio ás sesión de adestramento. Excepcionalmente autorizarase deixar un mínimo de valos de adestramento dos clubs no exterior dos almacéns nunha zona habilitada, sempre que se deixe con cadea e cadeado e para uso exclusivo dos seus atletas.
- Non se recomenda que os atletas compartan material, o cal inclúe cronómetros, pulsómetros, artefactos ou calquera outro tipo de material; no caso de ser así, débese desinfectarse previamente entre usuario e usuario.
- Os atletas non compartirán bebidas, outros alimentos, ou outros produtos, engadidos os sanitarios ou de primeiros auxilios. Utilizaranse botellas de uso individual.
- O adestramento realizarase de maneira individual sen que haxa contacto entre adestrador/a e atleta, nin para axudas ou correccións, e mantendo unha distancia de seguridade mínima de dous metros entre eles, en situación de parado.
- A separación con outros atletas, como norma xeral, ten que ser maior no adestramento que en situacións sociais, xa que a suor e o movemento fan que poidan chegar gotas máis alá do que se establece nas pautas xerais. Esta distancia será dun mínimo de 5 metros e aumentará sempre que se poida, para calquera tipo de adestramento (carreira, saltos, lanzamentos, etc.).
- Durante os adestramentos manteranse en todo momento as distancias de seguridade establecidas polas autoridades sanitarias.
- Recoméndase que todos os usuarios (atletas, adestradores/as e resto de persoal) realicen unha vixilancia activa dos seus síntomas e leven rexistro da temperatura corporal dúas veces ao día (pola mañá e á noite).
- É recomendable ir e volver do adestramento coa mesma roupa. Ao chegar á casa ou zona de residencia, recoméndase lavar toda a roupa utilizada (incluso gorras, panos para o pescozo etc.), a 60º como mínimo, e evitar sacudila. Desinfectarase, igualmente, o calzado utilizado.

Estas obrigas e recomendacións en todo momento estarán suxeitas ás indicacións das autoridades sanitarias.

5. NORMATIVA ESPECÍFICA DE USO DA PISTA (MODIFICACIÓN DA NORMATIVA VIXENTE)

Espazos dispoñibles:

- Recta principal e contrarrecta
- Pista completa. Corda de 400 m.
- Medias lúas
- 2 fosos de saltos da contrarrecta
- Zona de lanzamento de peso exterior á pista
- Campo de céspede

Espazos pechados ao uso:

- Fosos de salto fronte ás bancadas
- Zonas de caída de salto de altura e pértega.
- Gaiola de lanzamentos
- Bancadas
- Zona de pavimento de formigón



Alternarase o uso das rúas, deixando sempre una rúa sen uso para aumentar a distancia de seguridade entre os/as atletas.

Uso de rúas:

Uso de rúas de forma individual, cunha distancia mínima de seguridade de entre 5 e 10 metros entre persoas (dependendo da actividade), e da seguinte forma.

- Rúa 1: series de + 500 m
- Rúa 2: pechada
- Rúa 3: velocidade
- Rúa 4: rúa de retorno
- Rúa 5: pechada
- Rúa 6: valos
- Rúa 7: rúa de retorno
- Rúa 8: pechada
- Perímetro exterior: para rodadores, pegado ao exterior.

Uso de zonas de saltos:

Habilítanse os dous fosos de saltos horizontais da contrarrecta, que poderán usarse un por un e mantendo a distancia mínima de seguridade.

Máximo de tres persoas por foso e quenda.

Uso de zonas de lanzamentos:

Habilítase o círculo de lanzamento de peso exterior á pista, que poderá usarse de un en un e mantendo a distancia mínima de seguridade.

Máximo de 3 persoas na zona de lanzamento.

Non se poderá intercambiar material deportivo (artefactos), entre atletas.

Uso de zonas perimetrais e centrais (céspede):

Excepcionalmente, e co fin de aumentar a distancia de seguridade entre os usuarios, poderanse realizar exercicios e adestramentos en toda a superficie do céspede.

Non está permitido realizar exercicios sentados ou tombados no céspede.

O sentido de xiro para rodar pola zona exterior será o mesmo que o das carreiras en pista, e deixando una separación mínima de 10 metros entre atletas.

O uso do céspede estará supeditado ao seu estado e aos seus labores de mantemento, así como ás progresivas actividades deportivas que se incorporen aos adestramentos nas seguintes fases.

Os exercicios, circuítos ou outro tipo de adestramentos poderán realizarse nas medialúas. Nunca na zona de pavimento de cemento anterior á pista.

6. MATERIAL DE PROTECCIÓN DISPOÑIBLE PARA OS/AS DEPORTISTAS

- Hidroxeles
- Papel secamáns
- Papeleiras pechadas
- Alfombra desinfectante
- Sinais coa normativa, vías de circulación e recomendacións específicas

7. USO DE ASEOS

Os aseos a disposición dos usuarios serán os existentes ao carón do distribuidor do centro. Non está permitido o uso dos vestiarios nin dos armarios individuais.

A súa ocupación máxima será dunha persoa.

Non se poderán utilizar para outro fin que o propio e polo tempo imprescindible.

Desbotar os panos ou calquera material dun só uso nas papeleiras instaladas.

Este protocolo, é un documento vivo, que se irá adaptando ás sucesivas ordes ministeriais ou outras normas, instrucións emitidas polo Ministerio de Sanidade e resolucións reitorais.

Anexo I


Acceso ao portal de usuarios a través da web **udcxest.gal**

1) Recuperar as claves


a) Autenticación como persoas externas:




b) Esquecín a miña clave:



c) Introducir dni e enviar



2) Leer e aceptar o protocolo:



	Datos personales: 11/02/2019 Colectivos usuario: PDI ☐ Protocolo de volta a actividade deportiva na Pista de Atletismo do Estadio de Elviña DECLARO: - Que coñezo o Protocolo de volta a actividade deportiva na Pista de Atletismo do Estadio de Elviña e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva. - Que accederei ás instalacións cós medidas de protección (luvas e máscara) e outras especificadas no protocolo, o que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo para cada un dos espazos. - Que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva compartida en espazos deportivos nunha situación pandémica como a actual. - Que non padecín ningún sintoma da Covid-19 nos últimos 14 días: • Febre, • Cansazo, • Tose seca, • Dificultade para respirar. - Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 15 días. - Que avisarei, de forma inmediata, ás persoas responsables da instalación se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas. INFORMACIÓN EN MATERIA DE DATOS PERSOAIS En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dos titulares (LOPD), informamos que os datos facilitados serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (no ámbito da Área de Deportes da UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981670000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal. A finalidade do tratamento destes datos persoais é a prevención dos contactos da COVID-19 entre os usuarios das instalacións deportivas). Todas as persoas que entran en contacto con estes datos ao citarse desistindo cumpriran o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade. A base de lexitimación do tratamento destes datos persoais encóntrase no artigo 6.1, apartados c), d) e e), e no artigo 9.2, apartado b), i), h) e i) RGPD fundamentalmente, interés vital da persoa física afectada e doutras persoas físicas, cumprimento de obrigas legais establecidas pola normativa de medicina preventiva, e razón de peso no ámbito da saúde pública (Lei 31/1995, 8-11, de prevención de riscos laborais; Lei 33/2011, 4-10, xeral de saúde pública). Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude de contrato ou convenio coa UDC, sexan designados para prestar servizos propios da Área de Deportes da UDC (como vivandencia e seguridade, etc.). Estas persoas externas á UDC só poderán recibir e utilizar os seus datos cós finalidades específicas para as que foren designadas, que é a prestación de tales servizos propios da Área de Deportes, e terán a condición de encargados de tratamento dos datos persoais. A persoa titular dos datos ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén ten dereito a opor-se ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo causa de interese público ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poden exercerlos, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede electrónica da UDC no apartado Outros títulos, así mesmo, mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Rectoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos"; a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixirse a presentar unha reclamación ante a Axa España de Protección de Datos (AEPD). A súa firma acredita estar conforme e a aceptación das normas de utilización da pista de atletismo do campús de Elviña. ☒ Aceptar
--	--



Anexo II:

O/a interesado/a

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:	DNI:
-------------------	------------------	-------	------

Enderezo para efectos de notificación

Rúa:	Localidade:		
CP:	Provincia:	Teléfono:	Enderezo electrónico

DECLARO:

- Que coñezo o protocolo de volta á actividade deportiva na pista de atletismo do Estadio de Elviña e o seu compromiso ao seu cumprimento de forma exhaustiva.
- Que accederei ás instalacións coas medidas de protección (luvas e máscara) e outras especificadas no protocolo, e que as utilizarei sempre que a práctica deportiva o permita, e que cumprirei as normas de utilización das instalacións que marca o protocolo para cada un dos espazos.
- Que, a pesar da existencia dun protocolo de volta á actividade, son consciente dos riscos que entraña a práctica deportiva compartida en espazos deportivos nunha situación pandémica como a actual.
- Que non padecín ningún síntoma da Covid-19 nos últimos 14 días:
 - Febre.
 - Cansazo.
 - Tose seca.
 - Dificultade para respirar.
- Que non estiven en contacto con ningunha persoa que dera positivo en Covid-19 nos últimos 15 días.
- Que avisarei, de forma inmediata, ás persoas responsables da instalación se algunha das circunstancias anteriores sucedesen ou dese positivo en Covid-19, para que se poidan tomar as medidas oportunas.

INFORMACIÓN EN MATERIA DE DATOS PERSOAIS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos facilitados serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (no ámbito da Área de Deportes da UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a prevención dos contaxios do COVID-19 entre os usuarios das instalacións deportivas). Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Estes datos trátaranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade

A base de lexitimación do tratamento destes datos persoais encóntrase no artigo 6.1, apartados c), d) e e), e no artigo 9.2, apartados b), c), h) e i) RXPD: fundamentalmente, interese vital da persoa física afectada e doutras persoas físicas, cumprimento de obrigas legais establecidas pola normativa de medicina preventiva, e razón de interese público no ámbito da saúde pública (Lei 31/1995, 8-11, de prevención de riscos laborais; Lei 33/2011, 4-10, xeral de saúde pública).

Os seus datos poderán ser cedidos ou comunicados a aquelas persoas físicas ou xurídicas que, en virtude de contrato ou convenio coa UDC, sexan designadas para prestar servizos propios da Área de Deportes da UDC (como vixilancia e seguridade, etc.). Estas persoas externas á UDC só poderán recibir e utilizar os seus datos coas finalidades específicas para as que foron designadas, que é a prestación de tales servizos propios da Área de Deportes, e terán a condición de encargados de tratamento dos datos persoais.

A persoa titular dos datos ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cumprimentar na Sede electrónica da UDC no apartado Outros trámites; así mesmo, mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente á/ao Delegada/o de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A sinatura acredita estar conforme e a aceptación das normas de utilización da pista de atletismo do campus de Elviña

_____, de _____ de _____